

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta contratacion obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

**INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,  
PATRIMONIO E FOMENTO**

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ALUMEADO PUBLICO EN PINTOR CORREDOIRA E OUTRAS ( 1ª FASE) .APROBACIÓN DO PROXECTO , DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

**ANTECEDENTES**

I.-Proxecto de execucion das obras de referencia elaborado pola enxeñeira do Servizo Municipal de electromecánico e industrial

II. Acta de replanteo previo do proxecto levantada polos enxeñeiros do servizo electromecánico e industrial

III. Informe de Intervención no que se pon de manifesto, entre outros aspectos, a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicacion 16510.61100.

IV. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras de referencia con data 7 de abril de 2011

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).

## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** Este contrato pode ser cualificado como un contrato recollido e regulado no artigo 6 da LCSP que serían aqueles “que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante”: O obxecto do presente contrato é a execución das OBRAS DE ALUMEADO PUBLICO EN PINTOR CORREDOIRA E OUTRAS ( 1ª FASE)

**Segunda.** O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.3 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto , previsto e regulado polos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios e aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de valoración, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

**Terceira.** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector publico, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refª: proposta contratacion obras alumeado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

outubro, de contratos do sector publico, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a contratacion das OBRAS DE ALUMEADO PUBLICO EN PINTOR CORREDOIRA E OUTRAS ( 1ª FASE)

**SEGUNDO.-** Aprobar o proxecto da obra e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, sendo o teor literal do mesmo o seguinte:

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ALUMEADO PUBLICO EN PINTOR CORREDOIRA E OUTRAS ( 1ª FASE)**

### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO**

É obxecto do presente contrato a realización das obras de alumeado público na rúa Pintor Corredoira e outras ( 1ª Fase) conforme proxecto elaborado polos enxeñeiros do servizo municipal electromecánico e industrial.

CNAE 2009: 43.21 instalacións eléctricas

CPV.- ... 28825100-2 Farolas para o alumeado das rúas

Mediante a execución do contrato a que se refire este Prego de cláusulas administrativas particulares se satisface a seguinte necesidade:

Sustitucion do alumeado públicas das nitas rúas na razon de ter perdido a necesaria concordancia arquitectónica asi como as súas propiedades de eficacia e funcionalidade.

### **SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

Trátase dun contrato de obra , recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a realizacion das obras de alumeado público na rúa Pintor Corredoira e outras ( 1ª Fase) conforme proxecto elaborado polos enxeñeiros municipais.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.
- Real Decreto 614/2001 de 8 de xuño sobre disposicións comúns para la protección da saúde e seguridade dos traballadores para o risco eléctrico.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

Ademáis deste prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- Os planos.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

- A memoria do proxecto.
- O programa de traballo incluído no proxecto da obra ou o presentado pola empresa contratista.
- Os cadros de prezos.
- O documento no que se formalice o contrato.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007 a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato sen prexuído das delegacións que teña conferida na Tenente de Alcalde Delegada.

### **TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO**

O valor estimado do contrato é de 332.376,22 euros mais o 18% de IVE (59.827,72 euros), polo que o orzamento máximo de licitación ascende á cantidade de 392.203,94 € (TRESCENTOS NOVENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS TRES EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS), que inclúe gastos xerais e beneficio industrial.

Faise contar a existencia de crédito suficiente na aplicación presupostaria 16510.61100 do vixente orzamento xeral.

Dada a duración da obra non procede a revisión de prezos.

### **CUARTA. PRAZO DE EXECUCIÓN**

As obras obxecto deste contrato executaranse con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ó proxecto técnico aprobado polo Concello e terán un prazo máximo de execución de TRES MESES contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo todo ser prexuízo da redución do prazo ofertado pola empresa adxudicataria.

### **QUINTA. PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR**

Este contrato adxudicarase polo procedemento **aberto** , previsto e regulado polos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refª: proposta contratacion obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

### **SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.**

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 Para a acreditación da solvencia técnica deberá presentarse **obligatoriamente** unha relación de polo menos **tres obras de alumeadado público por un importe mínimo sen IVE de 300.000 euros cada unha delas executadas nos cinco últimos anos e avaladas por certificados de boa execución**; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo término.

### SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 91 da LCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 135.2 da LCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

### **OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.**

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es))  
O prazo de presentación de proposicións será de **vinteseis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

### **NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN**

As empresas presentarán a súa proposición en tres sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A Documentacion Administrativa, B Proposición relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automaticamente, e C Proposición económica e relativa a criterios avaliados automaticamente.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sétima, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

### **DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA**

O sobre denominado A, documentación administrativa, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:



## CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados para o efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,70 euros aprox). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica polos medios sinalados na cláusula sexta deste prego.

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do imposto sobre actividades económicas.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola Xefa do Negociado de Rexistro deste Excmo. Concello.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 da LCSP.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B ou C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.**

O sobre B, Proposición relativa ós criterios de adxudicación non avaliábles automaticamente, que deberá incluír **exclusivamente** a documentación necesaria para a valoración da oferta conforme os criterios de valoración sinalados na **cláusula décimo segunda, apartado A)**

**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C no sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.**

O sobre denominado C, Proposición económica e relativa a criterios avaliábles automaticamente, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

Don ....., con domicilio en ..... e DNI número ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF número ....., fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación das **OBRAS DE ALUMEADO PUBLICO EN PINTOR CORREDOIRA ( 1ª FASE)**

b) Que se compromete á execución do contrato conforme a seguinte oferta:

- Un prezo de ..... euros máis un IVE (18%) de ..... euros, resultando un total de ..... euro IVE incluído

- Un prazo de garantía de .....meses/anos a maiores do mínimo de un ano.

- Unha cantidade económica destinada a control de calidade, expresada coma porcentaxe do Orzamento de Execución Material do Contrato do .....%

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

**O licitador deberá incluír no sobre C o resto da documentación necesaria para poder valorar a súa oferta conforme os criterios avaliábeis automaticamente.**

**DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS**

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTA: Sra Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

VOGAIS:

- O Concelleiro de Infraestructuras
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario deste servizo que o substitúa.

O acto público de apertura da documentación incluída no sobre B celebrárase ó segundo día natural contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura da documentación incluída no sobre C, tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- CRITERIOS DE ADXUDICACION**

Os **criterios de adxudicación** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes:

#### **A) CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE**

##### **1. Memoria técnica de execución das obras (Máximo 20 puntos)**

Neste apartado valorárase o alcance e contido da memoria xustificativa dos traballos a realizar e a racionalidade das previsións consideradas, tendo en conta os seguintes aspectos:

- A correcta concepción global da obra e a coherencia cos medios previstos na proposición.
- A análise correcta do proceso constructivo e dos procedementos a aplicar.
- A previsión das fontes de subministración de materiais e a valoración das mesmas.
- Memoria relativa á secuencia de montaxe. Procedementos a utilizar na realización das principais actividades de construción e montaxe.
- Idoneidade das características técnicas dos equipos ofertados.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

- Previsión e solucións ás posibles afeccións a servizos existentes na obra e o seu entorno.
- Interacción da obra co entorno e o medio natural.

### **2. Plan de realización das obras (Máximo 25 puntos) desglosados como segue:**

2.1.- Por un lado valorarase ata un máximo de 20 puntos a congruencia do seu contido e a identificación e estudo detallado do plan de traballos e das actividades críticas. Valorarse así mesmo a presentación de diferentes métodos de programación, incluíndo un diagrama de Gant, que garantan a idoneidade do prazo de execución proposto, o grao de detalle das actividades incluídas no programa de traballo e a súa suficiencia, os métodos de programación de obras consideradas e influencia dos condicionantes externos e climatolóxicos e a coherencia do programa de traballo coa memoria constructiva.

2.2.- Por outro lado e dentro deste apartado valorarase ata un máximo de 5 puntos a **reducción do prazo de execución**. Obterá a máxima puntuación a oferta que estableza un prazo menor, 0 puntos os que oferten o prazo indicado no proxecto e as restantes de xeito proporcional.

Terá que ser un prazo obxectivo onde se reflectan as distintas fases da obra cos seus correspondentes períodos de execución. Consideraranse desproporcionados os prazos que difiran en 10 días de reduccion o prazo medio ofertado (considerando o prazo medio ofertado a media aritmética dos prazos de tódalas ofertas presentadas).

### **3. Mantemento durante o período de garantía (Máximo 5 puntos)**

Será necesario a descrición dos controis, traballos e distintos tipos de operacións necesarias para un correcto mantemento das instalacións dentro do prazo de garantía ofertado coa súa correcta valoración, incluíndo os medios materiais, dependencias-locais, vehículos, ferramentas, medios humanos e tempo de resposta ante calquera anomalía ou avisto detectado nas instalacións. Advírtese que o prazo de garantía deberá formar parte da proposición incluída no sobre C (criterios avaliados automaticamente).

## **B) CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE**

### **1.- Menor prezo ofertado (Máximo 30 puntos).**

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

Obterá a máxima puntuación neste apartado (30 puntos) a proposición da empresa que oferte o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que oferten o prezo de licitación e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as proposicións económicas cunha porcentaxe de baixa que exceda en cinco unidades ou mais a media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas.

### **2.- Incremento do período de garantía (Máximo 10 puntos).**

Valorarase o prazo total de garantía que propoña a empresa ata un límite máximo de 48 meses (incrementando por tanto o prazo de garantía que figura no prego (1 ano). Obterá a máxima puntuación neste apartado (10 puntos) a proposición da empresa que oferte o maior prazo de garantía ( 48 meses). Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten prazo ou oferten 1 ano e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

### **3.- Control de Calidade (Máximo 10 puntos), desglosado do xeito seguinte:**

3.1. Certificados de calidade da empresa ISO 9001 e de xestión medioambiental (Máximo 3 puntos, 1,5 puntos por sello) **sempre e cando no alcance do sistema da empresa estean incluídos os procesos relacionados cos traballos que se van a contratar.**

3.2. Importe de execución material destinado ó Control de Calidade (Máximo 7 puntos), especificado do xeito seguinte:

Avaliarase con cero puntos (0 pts.) o licitador que destine o mínimo que se establece nun 1% do Orzamento de execución material e obterá a máxima puntuación (7 puntos) o licitador que destina o máximo tanto por cento do Orzamento de execución material cun límite do 2,5%, correspondendo o resto de licitadores unha puntuación proporcional.

## DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumplimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

### **DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional ue ,se é o caso houbese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

### **DÉCIMO QUINTA. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO**

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refª: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un UN MES dende a data da súa formalización, o director das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano que celebrou o contrato.

### **DÉCIMO SEXTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO**

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o Director facultativo ( enxeñeiros do servizo de electromecánica) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP ademais das propias da dirección facultativa nos contratos de obras (capítulo V do Título II do Libro IV da LCSP). Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.
2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 217 da LCSP.
3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.
4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

### **DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS**

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, (300 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e



## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

### **DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.**

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.
- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

A Lei 31/95, de prevención de riscos laborais, o R.d. 39/97 que aproba o Regulamento dos servicios de prevención, a normativa concordante e complementaria que a desenvolve e especificamente o R.d. 1627/97, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, obrigan á contrata como empresa a elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral, a seguinte documentación:

- Avaliación dos riscos para a seguridade e saúde no traballo e planificación da acción preventiva.
- Medidas de protección e de prevención que se van adoptar e material de protección que deba empregarse.
- Resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, de acordo co disposto no terceiro parágrafo da alínea 1, do artigo 16 da Lei 31/95.
- Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores previstos no artigo 22 da Lei 31/95 e conclusións obtidas nestes, nos termos recollidos no último parágrafo da alínea 4 do citado artigo.
- Relación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causaran ó traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

Deberá, ademais do sinalado anteriormente:

- Redactar o Plan de seguridade e saúde, de acordo co R.d. 1627/97, que será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución ou pola dirección facultativa, en ausencia deste.
- Manter unha organización de prevención, mediante calquera das modalidades indicadas no R.d. 39/97, contando obrigatoriamente (salvo que concerte cun

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

servicio de prevención alleo, e neste caso sería só recomendable) cun traballador designado cunha formación mínima de 50 horas (nivel básico), (o criterio, no escrito, ata a data de redacción deste texto, é que un traballador con formación de nivel básico non pode facer avaliacións de riscos en empresas do Anexo I do R.d. 39/97, polo que habería que concertar cun servicio de prevención alleo ou contratar a un técnico de nivel superior ou intermedio), ó que o coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou a dirección facultativa, en ausencia deste, transmitirá por escrito, a través do Libro de ordes, do Libro de incidencias ou, en ausencia deste, de calquera outro medio que acredite de xeito fidedigno a comunicación realizada, toda deficiencia que sexa detectada en materia de seguridade e saúde, aínda cando a responsabilidade directa deste control recaia sobre a organización de prevención da empresa contratista.

- A empresa contratista deberá contar cun plan de emerxencia, de acordo co artigo 20 da Lei 31/95, no que se analizarán as posibles situacións de emerxencia e se adoptarán as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal ó seu servicio. Para isto designará o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas coa formación axeitada, suficiente en número, dispoñendo de material axeitado e comprobando periodicamente o correcto funcionamento das medidas adoptadas. Ademais, o empresario contratista deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia das destas, no suposto en que os medios propios non sexan suficientes.

### ◆ Coordinación de actividades empresariais.

No suposto de realización de actividades mediante subcontratas:

- O empresario principal deberá vixiar o cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais.
- O empresario principal deberá informar sobre a utilización, manipulación, riscos e medidas de protección e prevención ós contratistas e subcontratistas cando estes operen con maquinaria, equipos, produtos, materias primas ou útiles proporcionados pola empresa principal, pero fóra do seu centro de traballo.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

- ◆ Ademais, a empresa contratista, con relación ó artigo 18 da Lei 31/95, deberá redactar unha normativa interna, que distribuirá ós seus traballadores e que conterá as informacións necesarias relacionadas con:
  - Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aquilo que afecta á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.
  - As medidas e actividades de protección e prevención aplicables ós riscos sinalados no parágrafo anterior.
  - As medidas adoptadas de conformidade co disposto no artigo 20 (medidas de emerxencia) da Lei 31/95.
- ◆ Antes do comezo da obra, a empresa contratista achegará a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, que será comprobada polo Coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou pola dirección facultativa, en ausencia do Coordinador, o cal emitirá un informe que, posteriormente, por referirse a obras da Administración pública será aprobado polo órgano competente, como nos indica o R.d. 1627/97 no seu artigo 7, alínea 2.
- ◆ De igual xeito, comprobarase a alta dos traballadores no réxime da Seguridade Social e que a empresa está o corrente do pago das cotas, e informarse da posible existencia de traballadores procedentes de empresas de traballo temporal, actualmente prohibidos en obras de construción, ou autónomos.
- ◆ Sinalarase a forma do aboamento das partidas do orzamento do Plan de seguridade e saúde que será incluído expresamente nos pagos que realicen por certificación de obra.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado público Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

obligada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

Ós efectos do establecido no artigo 206 as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social -que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

### **DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente a este prego, á memoria técnica e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

Asimesmo o contratista deberá achegar con carácter previo á formalización do contrato unha autorización para que o Concello de Lugo poda acceder ós seus datos de carácter persoal que figuren na Seguridade Social durante toda a execución do contrato.

### **VIXÉSIMA. RECEPCIÓN E PAGAMENTO**

Ó remate das obras subscribirase a oportuna acta de recepción, sendo o período de garantía, como mínimo de UN ANO contado a partires da data da sinalada acta. Non obstante este período será o sinalado polo adxudicatario na súa oferta.

O pagamento efectuarase mediante facturas mensuais, unha vez emitidas a correspondentes certificacións polo Director facultativo, e conformada polo Concelleiro de Infraestructuras e maila Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

Ós efectos sinalados no artigo 201 da LCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

### **VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO**

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 220 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das estipulacións contidas no prego de prescripcións técnicas do proxecto e nos documentos que teñen carácter contractual que se sinalan na cláusula segunda, incluído o incumprimento dos prazos parciais sinalados no programa de traballo do proxecto ou do presentado pola empresa no plan de realización das obras así como o incumprimento da memoria técnica de execución da obra e plan de realización da obra presentada pola empresa na súa oferta.

Ós efectos do artigo 206.g), consideranse obrigas contractuais esenciais cuio incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo oitava destes pregos. Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrucción ou falla de colaboración para facer efectivas as

## **CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refª: proposta contratación obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 222 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

### **VIXÉSIMA SEGUNDA.- PENALIDADES.**

O contratista estará obrigado a cumprir o contrato dentro dos prazos parciais establecidos no programa de traballo do proxecto ou do presentado no plan de realización das obras, de ser o caso, así como o prazo total ofertado para a súa realización procedéndose en caso de demora á opción de impoñer o réxime de penalidades previsto nesta cláusula.

Poderáanse impoñer asimesmo penalidades polos incumprimentos das obrigas contractuais calificadas neste prego como esenciais así como pola reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Considerarase un cumprimento defectuoso que dará lugar á imposición de penalidades o incumprimento das condicións establecidas na memoria técnica de execución da obra e plan de realización da obra presentadas pola empresa na súa oferta.

Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato IVE incluído, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

### **VIXÉSIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS**

Contra os actos que se relacionan no artigo 310.2 da LCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta contratación obras alumbeado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

non atoparse nos suposgts descritos no artigo 310, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

**A N E X O****DATOS:**

<b>EMPRESA:</b>			
<b>ENDEREZO:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>PERSOA DE CONTACTO:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>FAX:</b>	

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

<b>1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA</b>			
<b>NOME:</b>			
<b>ENDEREZO:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>PERSOA DE CONTACTO:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>FAX:</b>	
<b>ESPECIALIDADES CONTRATADAS:</b>			
<b>PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:</b>			

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: proposta contratacion obras alumeadado publico Pintor Corredoira ( 1ª Fase)

Asunto: Obras

**\* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º  **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

**\* Xuntar a acta de constitución.**

3º  **TRABALLADOR DESIGNADO**

**Nome e apelidos:**

**Cargo:**

**NOME EMPRESARIO:**

**SELO DA EMPRESA**

**DNI:**

**FIRMA:**

**DATA:**

**CUARTO.-** Aprobar o gasto de 392.203,94 euros con cargo á aplicación 16510.61100 do vixente Orzamento xeral

**QUINTO.-** Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, a 8 de abril de 2011.

A TÉCNICO DE ADMINISTRACION  
XERAL

O XEFE DO SERVIZO  
DE CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

CONFORME,  
A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA

Asdo: Sonia Méndez García